



Nace *A letra miúda*, unha revista de sociolingüística para o ensino

A Coordinadora Galega de ENDL edita o primeiro número de A letra miúda, unha publicación dixital dirixida ao profesorado dos centros de ensino non universitario.

A través dos seus artigos tratará de achegar información e datos imprescindibles en materia sociolingüística para os/as docentes que traballan nese ámbito e axudarlles no deseño de modelos de intervención encamiñados á normalización do galego no ámbito educativo.

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) edita *A letra miúda, Revista de sociolingüística para o ensino*, unha publicación dixital que trata de facilitar a autoformación en aspectos de sociolingüística básica aplicada ao ensino.

A publicación ten como obxectivo cubrir necesidades formativas do profesorado en xeral e especialmente daqueles que participan activamente na normalización do galego no ámbito educativo, contribuíndo a capacitálos para a toma de decisións metodolóxicas, pedagóxicas e didácticas de maneira crítica e reflexiva.

A revista, á que se accede a través da páxina www.coordinadoraendl.org ofrece artigos inéditos de cualificados especialistas nos que se tratan temas moi variados que van desde fundamentos teóricos sobre ensino de linguas ata experiencias educativas desenvolvidas en situación de contacto entre linguas. Achéganse tamén descrições e análises de modelos lingüísticos educativos e información significativa sobre a situación sociolingüística de Galicia e doutros territorios con linguas minorizadas.

Ademais conta cun apartado de Recomendacións que se vai ir enchendo artigos xa publicados que se poden consultar na rede, recensións de publicacións básicas e ligazóns de interese, todo relacionado co ámbito mencionado.